

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN ANDREA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO "SOPORTE VITAL A FAMILIAS CON NENAS/NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN OU TERMINAIS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS"

Santiago de Compostela, 19 de Junio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte,

D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, e actuando en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

D^a. M^a del Rosario Barca Fernández, con NIF núm. 33295500X, que actúa en nome e representación da Fundación Andrea, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos, aprobados o día 13 de xuño de 2006. e escritura de apoderamento e que consta no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais desta Consellería de Política Social.


Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e máis no

FUNDACIÓN
andrea
DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES
DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES





Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais no sector socio-familiar así como a cooperación con elas e, en particular, coas entidades de iniciativa social.

CUARTO. Que a Fundación Andrea é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-6114 e ten entre as súas funcións a protección e defensa das familias que teñen nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

QUINTO. Que considerando o interese do proxecto que esta entidade leva a cabo e da recoñecida labor social que realiza no eido das familias, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto a sinatura dun convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento dun programa de apoio a familias con esta problemática denominado "Soporte vital a familias con nenas/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos".

A Xunta de Galicia, titular deste programa, concibe este como un servizo asistencial para a normalización da convivencia para aquelas familias con nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais que carecen de medios e recursos axeitados.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderá subvencionarse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Así mesmo, o artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a suscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concurrencia pública, como é o caso.

Á súa vez, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, no seu artigo 9, define os grupos de familias de especial consideración, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que estableza a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18. Por isto, ten un interese especial para esta consellería levar a cabo un programa destinado ás familias con esta problemática en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito empregando un instrumento de carácter singular sen convocatoria pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Andrea no desenvolvemento do programa "Soporte vital a familias con nenas/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos"

Este programa ten como finalidade a de dispensar a axuda necesaria para que estas familias poidan facer fronte aos gastos que se produzan polo tratamento médico dos menores tanto no fogar familiar como nos distintos hospitais de España, facilitando que poidan afrontar os gastos de traslado, a asistencia privada a sesións de fisioterapia, a sesións de logopedia, a sesións de musicoterapia, os gastos en equipamentos ortopédicos e os derivados da adecuación das vivendas ou vehículos para nenas e nenos con diversidade funcional.

O dito programa concíbese como un servizo social para a normalización da convivencia para as familias destes nenos

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

A Fundación Andrea artellará, ao abeiro deste programa, as seguintes de axudas:

- a) Axudas para os tratamentos de fisioterapia e hidroterapia, sempre baixo a supervisión dos médicos responsables do tratamento de cada neno.
- b) Axudas para a terapia familiar, psicoterapia e logopedia; a petición dos médicos responsables do seguimento dos nenos afectados por distintas enfermidades crónicas facilitarase a asistencia a sesións de terapia familiar e apoio psicolóxico.
- c) Axudas para familias desplazadas e axudas de manutención; facilitarase os traslados destes nenos a outros hospitais de España para recibir o seu tratamento así como axudas para a súa manutención.
- d) Axudas para tratamentos de musicoterapia, facilitarase o acceso á música como terapia e vehículo de comunicación para nenas e nenos con necesidades especiais.
- e) Axudas para equipamentos ortopédicos e adecuación das vivendas ou vehículos para nenos con diversidade funcional.

FUNDACIÓN
andrea
DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES
DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES





TERCEIRA. OBRIGA

1. Para poder ser beneficiarios das axudas a Fundación Andrea deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. a Fundación Andrea debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:



- a) Para os efectos de acreditar que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma nin é debedor por resolución de procedencia do reintegro tanto no momento da sinatura do convenio como no momento de realizarse o pagamento, deberá achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) A Fundación Andrea deberá dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.
3. Así mesmo, a Fundación Andrea debe cumprir coas obrigas de suministro de información establecidas no artigo 4, da Ley 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

EL FUNDACION
ANDREA
DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES
DE LARGA DURACIÓN, FÍSICAS O TERCIALES



CUARTA. IMPORTE E CONDICIÓN DE PAGAMENTO

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de dez mil euros (10.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente, segundo o recollido na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. A devandita achega económica límitase á

compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
3. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, determínase o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio no 30 de novembro de 2017.
4. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.
5. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:
 - a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.
 - b) Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo concepto, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, enviará certificación xustificativa de gastos acompañada das correspondentes facturas, nas que se reflicta que os gastos realizados foron iguais ou superiores á axuda concedida e xustificantes do pagamento nos termos recollidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

IL. **andrea**
DE APOYO A LOS NÚMEROS CON EMPRESARIOS
DE LA LUCHA DULCISIÓN, RESISTENCIA O TERNOSIDAD





6. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
 7. A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.
 8. En todo caso, a Consellería de Política Social queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido do presente convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.
- Así mesmo, a entidade estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

QUINTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.


SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- a) A presidenta da Fundación Andrea, ou un vogal da entidade en quen delegue.
- b) A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
- c) Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

- 
1. A selección do persoal específico para á execución do programa corresponderá a dita entidade.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro do ano 2017.



NOVENA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico das administración públicas, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e demais normas de procedente aplicación.

DÉCIMA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Darán lugar á resolución do presente convenio as causas que a continuación se relacionan, procedendo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- a) mutuo acordo das partes asinantes
- b) incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes
- c) resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables

DÉCIMO PRIMEIRA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados pola Consellería de Política Social á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a sxt.politica.social@xunta.gal.

2. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

galicia

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

José Manuel Rey Varela

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN ANDREA

DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES
M^{ra} del Rosario Barca Fernández